

Poboación

A 1 de xaneiro de 2015, os datos facilitados polo INE indican que a poboación da nosa Comunidade era de 2.734.915 persoas, dato que continúa a tendencia decrecente dos últimos semestres, se ben se aprecia certa desaceleración na citada tendencia no 2º trimestre do ano. No conxunto do ano 2014, este descenso de poboación foi de -12.311 persoas (un -0,45% anual), o cal mantén a Galicia entre as cinco comunidades autónomas con maior decrecemento da poboación. Isto débese de xeito principal ao saldo vexetativo (nacementos - defuncións) que supón, con -10.429 persoas, máis dun 80% do total da perda de poboación. Compre sinalar, por outra banda, que no conxunto do ano 2014 rachouse a tendencia negativa no referente á migración exterior (unicamente Andalucía e as Illas Baleares e Canarias presentan un dato positivo neste apartado)

Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2015

	Poboación a 1 de xaneiro de 2014	Poboación a 1 de xaneiro de 2015	Saldos ano 2014			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.747.226	2.734.915	-10.429	121	-2.003	-12.311
España	46.512.199	46.439.864	29.974	-102.309	0	-72.335

Fonte: INE

Produto interior bruto galego e estatal


No primeiro trimestre de 2015, o PIB galego incrementouse nun 0,5%, co que a variación interanual do PIB no primeiro trimestre deste ano queda fixada nun 0,9%. A nivel estatal, as porcentaxes correspondentes foron dun 0,9% e dun 2,7% respectivamente

No gráfico se representan os valores de PIB galegos e estatais dos últimos 13 trimestres. No mesmo pódese observar que a diverxencia entre as tendencias alcistas estatal e galega segue a aumentar (cunha disparidade no 1º trimestre de 2015 de 1,8 puntos porcentuais entre ambas), a pesar do mellora do dato de PIB galego respecto ós datos recollidos en trimestres anteriores (compre engadir que, ao peche deste Boletín fixéronse públicas as previsións adiantadas do PIB estatal para o segundo trimestre que, cun crecemento no trimestre dun 1,0% e unha variación interanual do 3,1% mantén a súa tendencia alcista).

Variación interanual porcentual do PIB Galicia-España 2009-2015

	%(T/T-4)	2009	2010	2011	2012	2013	2014	1T14	2T14	3T14	4T14	1T15
Galicia		-3,4	0,5	-0,5	-0,9	-1,0	0,4	0,2	0,5	0,4	0,4	0,9
España		-3,8	-0,2	0,2	-1,6	-1,2	1,4	0,5	1,2	1,6	2,0	2,7

Fontes: INE, IGE



Como referencia para avaliar cal é a situación do PIB de Galicia respecto doutras Comunidades Autónomas, dicir que o balance do ano 2014 situaba a Galicia en decimo segunda posición entre as distintas comunidades en función do valor do seu PIB por habitante, con 19.954€ (dato inferior nun -12,4% ao valor medio nacional) por detrás da Comunidade Valenciana e por diante das Illas Canarias. Tomando como referencia o tamaño da nosa economía, Galicia ocupaba ao remate do ano a sexta posición, detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco, e seguida moi de cerca pola comunidade de Castela-León.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No segundo trimestre de 2015, a *Enquisa de Poboación Activa* (EPA) reflicte para Galicia unha diminución de -13.500 persoas respecto da poboación activa no mesmo trimestre do ano anterior, o que supón un descenso da poboación activa do -1,06%, e unha desviación da tendencia positiva que estase a rexistrar no conxunto de España. A taxa de ocupación foi dun 42,8% (1.009.900 persoas, superior en 22.400 persoas ó dato do primeiro trimestre) e a taxa de paro para o segundo trimestre foi dun 20,0% (252.500), o que supón un descenso de -1,8 puntos porcentuais sobre o último dato rexistrado.

No que se refire á contratación, o mes de xuño de 2015 asináronse 85.271 novos contratos en Galicia, 16.998 máis que en maio (o 24,90% máis) e 11.054 máis que no mes de xuño do ano 2014 (14,89%). O incremento apréciase en todas as categorías, salvo na construción e nos contratos denominados coma “outros” nos cales se observa unha estabilización no ritmo de sinatura de novos contratos respecto a xuño do ano pasado

Pola súa banda, o paro rexistrado en Galicia en xuño de 2015 foi de 229.062 persoas, dato que supón un descenso de -7.919 respecto ao mes anterior (-3,34%) e de -23.248 persoas desempregadas respecto ao mesmo mes do ano anterior (-9,21%). O descenso é xeneralizado tanto por xénero, por idade ou sector de actividade, pero é marcadamente menos pronunciado nos colectivos de mulleres, persoas de 45 anos ou máis e no sector servizos

Os datos da Tesourería Xeral da Seguridade social indícanos que en xuño de 2015 a media de persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia foi de 943.931, o cal supón 6.592 máis que no mes anterior (incremento do 0,70%, por encima da media estatal) e 22.264 máis que en xuño de 2014 (o 2,42% máis, por debaixo da media estatal, onde a afiliación incrementouse no 3,42%).

Valores Poboación Activa Galicia-España II Trimestre 2015

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaje	Diferencia	Porcentaje
Galicia	1.262,4	-0,9	-0,1	-13,5	-1,1
España	23.015,5	116,1	0,5	39,7	0,2

Fonte: *Enquisa de Poboación Activa* - INE (datos en miles)

Paro rexistrado en Galicia por xénero, idade e sector, Xuño 2015

	Mes actual	Var. mes anterior	% Var. mes anterior	Var. mes ano anterior	% Var. mes ano anterior
xuño 2015	229.062	-7.919	-3,34%	-23.248	-9,21%
Homes	105.211	-4.320	-3,94%	-15.800	-13,06%
Mulleres	123.851	-3.599	-2,82%	-7.448	-5,67%
<30 anos	32.568	-2.801	-8,15%	-6.621	-17,34%
entre 30 e 44 anos	86.408	-3.431	-3,82%	-11.415	-11,67%
>44 anos	111.086	-1.687	-1,50%	-5.212	-4,48%
Agricultura e Pesca	8.059	-307	-3,67%	-714	-8,14%
Industria	29.232	-1.072	-3,54%	-5.539	-15,93%
Construción	28.502	-1.116	-3,77%	-6.537	-18,66%
Servizos	144.263	-4.397	-2,96%	-8.631	-5,65%
Sen emprego anterior	19.006	-1.027	-5,13%	-1.827	-8,77%

Fonte: *Boletín Mensual do Paro rexistrado*, Consellería de Traballo e Benestar, Xunta de Galicia

Datos contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector, Xuño 2015

	Mes actual	Var. mes anterior	% Var. mes anterior	Var. mes ano anterior	% Var. mes ano anterior
xuño 2015	85.271	16.998	24,90%	11.054	14,89%
Homes	45.597	8.572	23,15%	5.738	14,40%
Mulleres	39.674	8.426	26,96%	5.316	15,47%
<30 anos	28.501	7.789	37,61%	3.237	12,81%
entre 30 e 44 anos	38.459	6.271	19,48%	4.592	13,56%
>44 anos	18.311	2.938	19,11%	3.225	21,38%
Indefinido	5.802	831	16,72%	401	7,42%
Temporal	75.646	14.991	24,72%	10.279	15,73%
Prácticas / Formación	1.602	425	36,11%	377	30,78%
Outros	2.220	750	51,02%	-2	-0,09%
Agricultura e Pesca	2.090	23	1,11%	253	13,77%
Industria	10.533	797	8,19%	1.110	11,78%
Construción	4.398	235	5,64%	-37	-0,83%
Servizos	68.250	15.943	30,48%	9.728	16,62%

Fonte: *Boletín Mensual de Contratación*, Consellería de Traballo e Benestar

Datos de Afiliación á Seguridade Social Galicia-España Xuño 2015)

	Afiliación media marzo 2015	Variacións			
		mes anterior		interanual	
		absoluta	relativa	absoluta	relativa
Galicia	943.931	6.592	0,70%	22.264	2,42%
España	17.256.395	35.085	0,20%	571.400	3,42%

Fonte: IGE (Informe de afiliación á seguridade social, segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

Sinistralidade

A sinistralidade laboral en Galicia continuou en aumento, tal e como está a ocorrer nos últimos seis meses. En maio, o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo aumentou nun 8,13%, se ben hai que puntualizar que existe unha diferenza importante en todo este período entre a evolución dos accidentes leves, claramente en aumento, e a dos accidentes graves e mortais que están a diminuír de xeito notable. Por sectores de actividade, unha vez máis o dato máis positivo apréciase no sector pesqueiro, o único no cal o número total de accidentes reduciuse no período de referencia.

Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, Maio 2015

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var
Agricultura	93	102	9,68	4	4	0,00	0	0	0,00	97	106	9,28
Pesca	91	77	-15,38	3	4	33,33	3	0	0,00	97	81	-16,49
Industria	609	645	5,91	9	6	-33,33	3	0	-100,00	621	651	4,83
Construción	251	260	3,59	7	6	-14,29	2	1	-50,00	260	267	2,69
Servizos	905	1.040	14,92	11	8	-27,27	1	1	0,00	917	1.049	14,39
Total	1.949	2.124	8,98	34	28	-17,65	9	2	-77,78	1.992	2.154	8,13

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. ISSGA.

Conflitividade laboral

Segundo os datos facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no período xaneiro-marzo de 2015, en Galicia leváronse a cabo 27 folgas, o que supón un descenso dun -6,9% fronte as do mesmo período do ano anterior. Se nos fixamos na repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles, vemos que tamén se produciu un descenso, neste caso un -51,4%. Porén, tomando referencia as xornadas non traballadas con motivo de folga, en Galicia rexistrouse un aumento no período de referencia de 4.547 xornadas (incremento dun 31,2%) no total de xornadas de traballo perdidas no 1º trimestre do ano respecto ao do 2014, a diferenza do acusado descenso nas xornadas non traballadas por folga producido no conxunto do Estado no mesmo período.

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Marzo 2015

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	27	-2	4.752	-5.018	10.016	4.547
España	215	-30	40.071	-15.110	117.160	-92.580

Estadística de folgas e peches patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Datos de expedientes de regulación de emprego

Os datos dispoñibles sobre expedientes de regulación de emprego permiten facer unha análise comparativa do primeiro semestre do ano 2015 fronte ó 2014. En 2015 presentáronse 359 EREs, un -39,56% menos que no mesmo período do 2014. Segundo a medida, se ben o número de expedientes por despedimentos colectivos foi idéntico ao do ano pasado, tanto os expedientes de redución de xornada (135, fronte ós 303 expedientes do ano pasado) coma os EREs por suspensións de contrato (56 en 2015 fronte a 101 en 2014) diminuíron de xeito destacado no primeiro semestre do ano, en porcentaxes dun -55,45% e dun -24,63% respectivamente.

Expedientes de regulación de Emprego segundo a medida e o sector de actividade (Xaneiro-Xuño 2015)

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.
Agricultura	1	0		0	0		0	0		1	0	-100,00%
Pesca	0	0		14	100	614,29%	0	0		14	100	614,29%
Industria	7	9	28,57%	107	34	-68,22%	62	25	-59,68%	176	68	-61,36%
Construción	3	3	0,00%	50	15	-70,00%	28	11	-60,71%	81	29	-64,20%
Servizos	8	7	-12,50%	101	56	-44,55%	213	99	-53,52%	322	162	-49,69%
TOTAL	19	19	0,00%	272	205	-24,63%	303	135	-55,45%	594	359	-39,56%

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar, Dirección xeral de Traballo e Economía Social

No período se aprecia un descenso do -57,98% no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, tanto para homes (2.289 fronte ós 5.280 afectados o ano pasado, un -56,65% menos) como para mulleres (634 mulleres afectadas en lugar das 1.677 afectadas en 2014, un descenso do -62,19%), e para todo tipo de medida obxecto do expediente.

Custos laborais e salariais

Datos do INE e do *Observatorio da economía galega* elaborado pola Consellería de Facenda indican que o valor medio do custo salarial por persoa traballadora e mes para o primeiro trimestre de 2015 foi de 2.175,0 €, o que supón un incremento interanual dun 0,2%. No referente aos custos salariais, o seu valor medio por persoa traballadora e mes foi de 1.582,3 €, valor que representa un incremento interanual do 0,6% dos custos salariais en Galicia.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2010-2015

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo salarial por persoa traballadora e mes	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2010	2251,3	2,3	1663,2	3,0
2011	2265,3	0,6	1669,7	0,4
2012	2206,2	-2,6	1618,1	-3,1
2013	2260,2	2,4	1656,0	2,3
2014	2261,4	0,0	1654,0	0,0
1T14	2170,3	-0,4	1572,4	0,1
2T14	2291,8	-0,1	1671,9	-0,2
3T14	2204,8	0,0	1602,8	0,2
4T14	2378,7	0,6	1769,0	-0,5
1T15	2175,0	0,2	1582,3	0,6

Fontes: INE, Xunta de Galicia. Consellería de Facenda. Observatorio de economía galega

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

En xuño constituíronse 370 sociedades mercantís en Galicia, o que incrementa o seu número en 27 respecto do mes anterior e en 10 con respecto a xuño de 2014. O capital medio subscrito nas sociedades constituídas no último mes foi de 122.045,1€.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, Xuño 2015

	Dato do mes		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto mes pasado	% variación de capital respecto ao mes pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo mes ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo mes do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	370	11.670,6	27	-39,1	10	6,8
Sociedades que ampliaron capital	133	49.718,0	52	-47,0	13	26,5

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, Xuño 2015

	Xuño 2014	Maio 2015	Xuño 2015
Sociedades disoltas	107	89	110
Sociedades que reducion capital	29	23	30
Sociedades en situación concursal	51	35	35

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Por outra banda, en xuño disolvéronse 110 sociedades mercantís, 21 máis que no mes anterior, e tres máis que no mesmo mes do ano pasado. No tocante ás reducións de capital, este feito produciuse en 30 empresas (sete máis que no mes anterior, e unha máis que en xuño de 2014). Ademais, rexistráronse tres procesos de escisión de empresas, dous de fusión e 35 empresas entraron en situación concursal, dato que supón unha rebaixa dun 31,4% respecto das que o fixeron o mesmo mes do pasado ano.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Un rápido balance da evolución da actividade do Consello Galego de Relacións Laborais no 1º semestre do 2015 indícanos que, en exercicio da función consultiva sobre normativa laboral conferida pola Lei 5/2008, reguladora do Consello, emitíronse 26 ditames. No mesmo período, no fomento do debate sobre temas laborais de actualidade, o Consello levou a cabo 4 xornadas nas capitais de provincia galegas, dedicadas a *Cuestións Laborais Problemáticas e de Interese en 2015* contando coa presenza de 330 asistentes. Tamén tivo lugar a XXV edición do Curso Superior de Relacións Laborais, que o Consello realiza en colaboración coa USC.

O Consello apoia e fomenta a negociación colectiva a través do seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) que registrou a entrada de 32 expedientes ao remate do 1º semestre, e proseguíu a súa labor a prol da negociación colectiva en diversos sectores como sede de comisións paritarias, en reunións de comisións negociadoras de convenios ou estudando as posibilidades de sinatura dos mesmos en sectores que carecen deles ou nos que a negociación atópase bloqueada. Por último, en xullo publicouse o novo Informe da situación sociolaboral de Galicia, analizando a actividade da nosa comunidade no 2014.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: http://cgrl.xunta.es/g_necol2.html

Consello Galego de Relacións Laborais

http://cgrl.xunta.es/g_soclab.html

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

